

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 9 DE XUÑO DE 2017

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/138/2017.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Conceder licenza para executar obras de instalación dun ascensor na rúa das Salvadas nº 51.

LIC/1450/2016.- M MILAGROS ROMERO SOBRADO.- Aceptar libre de cargas e gravames a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para executar as obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar en rúa Agro das Barreiras nº 31 – A.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de instalación dun ascensor na rúa das Salvadas nº 51. LIC/138/2017. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación libre de cargas e gravames da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para executar as obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar en rúa Agro das Barreiras nº 31-A. LIC/1450/2016. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á cancelación de dous avais para responder perante o Concello de Santiago das obrigas de urbanización do polígono 4 de Fontiñas. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á corrección de erro no punto nº 3 da sesión de 12-04-2017, relativo á adxudicación do contrato de "Subministro de enerxía eléctrica en baixa e media tensión do Concello de Santiago de Compostela". Apróbase a proposta

6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á desestimación do recurso presentado por EAST WEST PRODUCTOS TEXTILES SL contra o prego de cláusulas administrativas particulares da licitación "Autorización do uso da vía pública para a colocación de colectores de roupa e calzado usados e outros téxtiles no termo municipal de Santiago de Compostela". Desestímase o recurso.

7.- Propostas do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, relativas á modificación e ampliación de aparcamentos en superficie de varios puntos da cidade. Adóptanse os seguintes acordos:

_Modificación do horario xeral da zona de residentes para a rúa Carlos Maside, zona 2, atrasando o inicio da reserva para residentes ata as 23.00 horas.

_Inclusión na zona de residentes número 4-Almáciga as rúas Caramoniña, Anxo Casal e Praza de Camilo Díaz Valiño

_Recuperación do horario correspondente ao xeral do sistema ORA na rúa Algalia de Abaixo, isto é, de 10.00 a 14.00 horas e de 16.30 a 20.30 horas de luns a venres; e de 10.00 a 14.00 horas os sábados.

_Eliminación da circulación de vehículos nun dos dous carrís da rúa de Domingo García Sabell, habilitando unha liña de aparcamento con capacidade para 23 vehículos incluída unha carga e descarga. O aparcamento regularase segundo o sistema ORA zona azul durante o día, e pola noite será unha nova zona de estacionamento para vehículos da cidade histórica.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á

aprobación do expediente de "Explotación da cafetería sita na Granxa do Xesto", e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o expediente, reservado a centros especiais de emprego e empresas de inserción, e ábrese o procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un canon mínimo anual a abonar ao Concello de 8.274 euros, non suxeito a IVE.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á adxudicación do contrato de "Servizo de redacción das bases técnicas para a definición do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e mantemento das illas soterradas do Concello de Santiago de Compostela".Adxudícase o contrato a favor da empresa Terravanza, Gabinete de Estudos Territoriales Avanzados SL, por un importe de 37.395 euros, máis IVE de 7.852,95 euros.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do expediente "Seguro para cobertura de riscos patrimoniais, persoais e de responsabilidade civil derivada do uso de vehículos de motor que integran o parque móbil do Concello de Santiago", gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Acórdase declarar deserta a licitación do servizo ao ter que rexeitar as ofertas presentadas por dúas empresas que teñen pendente de pagamento débedas tributarias co Concello. Acórdase a aprobación do expediente e da apertura dun novo procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 42.000 euros/ano, non suxeito ao IVE.

11.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deportes e Benestar Animal relativa á aprobación do expediente de "Obra de reforma da cuberta e mellora da instalación de iluminación do Pavillón de Monte dos Postes", gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 155.892,77 euros, IVE aparte de 32.737,48 euros.

12.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á desestimación do recurso de reposición presentado por POUSSADAS DE COMPOSTELA SL, contra o acordo de 17.2.17, relativo á concesión administrativa do uso privativo e normal do dominio público do local nº 6 da nave 5 da Praza de Abastos de Santiago de Compostela. Apróbase a proposta.

13.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á desestimación do recurso de reposición presentado por GALICIA VIRTUAL SL, contra o acordo de 17.2.17, relativo á concesión administrativa do uso privativo e normal do dominio público do local nº 7 da nave 5 da Praza de Abastos de Santiago de Compostela. Apróbase a proposta.

14.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago e CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO-PROGRAMA VAGALUME para 2017. Apróbase o convenio, que supón unha achega de 30.000 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago e o COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA para 2017. Apróbase o convenio, que supón unha achega de 15.000 euros.

16.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago e CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO-PROGRAMA ATENCIÓN PRIMARIA para 2017. Apróbase o convenio, que supón unha achega de 100.000 euros.

17.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago e CRUZ ROJA ESPAÑOLA para 2017. Apróbase o convenio, que supón unha achega de 75.000 euros.

18.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago e a PLATAFORMA POLO

EMPREGO-FORO DE INMIGRACIÓN para 2017. Apróbase o convenio, que supón unha achega de 12.000 euros.

19.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago e a ESCUELA DE TIEMPO LIBRO DON BOSCO para 2017. Apróbase o convenio, que supón unha achega de 3.000 euros.

20.- Proposta da alcaldía relativa á corrección de erro no punto nº 10 da sesión de 10-02-2017, relativo á devolución de fianza, taxas e anuncios á empresa Mapfre España Cia de Seguros y reaseguros, por mor da licitación "Subscripción póliza de seguro para cobertura dos riscos por responsabilidade civil-patrimonial do Concello de Santiago de Compostela". Apróbase a proposta.

21.- Proposta da alcaldía relativa á devolución da fianza das "Obras de Reforzo de firme na vía pública municipal M-36-V (Aríns), incluídas no POS 2012 da Excma. Deputación Provincial da Coruña". Apróbase a proposta.

22.- Proposta da alcaldía relativa á devolución da fianzas das "Obras de Reforzo de firme na vía pública municipal M-14-IV e en Vilar de Outeiro (Berdía), incluídas no POS 2012 da Excma. Deputación Provincial da Coruña". Apróbase a proposta

23.- Proposta da alcaldía relativa á prórroga do contrato de aluguer do local nº 4 da rúa Presidente Salvador Allende, 6-8, para utilización como sede de oficinas municipais de Contratación e Servizos Comunitarios. Acórdase a prórroga do contrato polo prazo dun ano a contar desde o 15 de xuño de 2017 ata o 14 de xuño de 2018. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 888,79 euros.

24.- Proposta da alcaldía relativa á prórroga do contrato de aluguer do local nº 5 da rúa Presidente Salvador Allende, 6-8, para utilización como sede de oficinas municipais de Contratación. Acórdase a prórroga do contrato polo prazo dun ano a contar desde o 15 de xuño de 2017 ata o 14 de xuño de 2018. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 997,65 euros.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Réxime Interior en relación á consideración como servizo prioritario do Departamento de Persoal e Rexistro. Acórdase declarar como prioritaria a función prestada polo citado servizo por considerala imprescindible para o seu funcionamento normal a efectos de posibilitar a contratación de persoal temporal ou o nomeamento de persoal funcionario interino no seu ámbito.

2.- Proposta de alcaldía para dar conta á Xunta de Goberno da sinatura do protocolo xeral de actuación dos concellos de Santiago, Oroso, Ordes, Tordoia e Cerceda para a creación, xestión, explotación e mantemento da vía verde que discorre polos cinco concellos. Dase conta.

3.-Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á Festa do Deporte. Autorízase o desenvolvemento da actividade denominada Festa do Deporte programada para o vindeiro sábado 17 de xuño, en horario de 11.00 a 14.30 e de 14.30 a 20.30 horas. Apróbase o carácter gratuíto do evento e apróbase un orzamento xenérico total por valor de 49.600 euros.

4.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á ampliación do prazo de execución das obras de acondicionamento do local destinado á Casa da Muller. Apróbase a ampliación do prazo ata o 15 de xuño de 2017

5.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación do texto do convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Santiago para a xestión do servizo de comedor escolar en nove centros de ensino público non universitario de Santiago para os cursos escolares 2017-2018 e 2018-2019. Apróbase o texto do convenio e dase conta da certificación da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación de data 21 de abril de 2017 de compromiso autonómico de colaboración económica na xestión e organización dos comedores escolares mediante unha achega económica de 149.520 euros.

6.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación do Servizo de conservación, mantemento e reparación de instalacións térmicas de calefacción e A.Q.S nos edificios dependentes do Concello de Santiago. Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 47.865 euros, IVE aparte.

7.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo e da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do programa “Compostela Móvese 2017”. Apróbase o programa de actividades do “Compostela Móvese” e o gasto correspondente, por importe de 155.000 euros. Apróbase tamén a convocatoria de axudas para o apoio a empresas de recente creación “Compostela Móvese 2017” e o gasto correspondente por importe de 80.000 euros.